



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA



FORMACIÓN
Consello da Avogacía Galega

bével 



CURSO DE COMUNICACIÓN RELACIONAL: MODELO BRIDGE

Versión marzo 2017



Presentación

Por que con algunhas persoas entendémonos facilmente e, en cambio, con outras nos resulta tan difícil? Por que algunhas cousas que dicimos a uns lles sentan tan mal e a outros lles sentan tan ben? Por que as mesmas palabras algunhas veces nos achegan e outras xeran unha distancia insalvable? Para responder a estas preguntas, Ferrán Ramón-Cortés e Alex Galfré desenvolveron o modelo Bridge.

Memoria

O modelo Bridge axuda a comprender que cada persoa ten un estilo de comunicación diferente, aínda que todos posuamos uns rasgos comúns. A partir deles, Ramón-Cortés e Galfré identificaron catro estilos relacionais básicos nos que todos nos podemos enmarcar e que representan formas moi diferentes de comunicarse e relacionarse cos demais.

O modelo Bridge ensínanos a identificar a nosa forma de relacionarnos, as súas características e as súas áreas de eficacia e ineficacia. Tamén permítenos descubrir a preferencia relacional dos demais, o que axuda enormemente a comunicarnos, xa que podemos adaptarnos ao outro para que a conversa sexa eficaz.

A formación do Consello acostuma a ser en liña. Sen embargo, nesta ocasión considerouse que, dada a natureza da materia, o máis axeitado sería ofrecer unha xornada presencial para poder assimilar mellor a metodoloxía seguida polo modelo.

Este modelo está validado por máis de 5.000 usuarios de 240 organizacións.

“Basta xa de tratar aos outros como che gustaría que te tratasen a ti, trata aos demais como queren e necesitan ser tratados”

Características do curso

Organiza: Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos Colexios de Avogados de Galicia e Bével Consultores S.L.

Coordina: Secretaría Técnica CAG.

Dirixido a: profesionais da avogacía galega.

Modalidade: presencial, nos Colexios de Avogados de Galicia.

Lingua do curso: castelán/galego.

Número de horas lectivas: 4, a desenvolver nunha única xornada formativa.

Número de prazas: 24 por Colexio.

O número mínimo de alumnos por xornada será de 17. De non acadarse o número mínimo nalgún dos Colexios, a **organización resérvase o dereito de suspender a correspondente xornada antes da formalización da matrícula.**

No caso de superarse o máximo de prazas, terase en conta a orde de preinscrición.

Prazo de preinscrición: ata o 10 de abril do 2017.

Lugar de preinscrición: na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion> .

Prazo de matrícula: do 11 ao 20 de abril do 2017.

Lugar de matrícula: na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion> .

Prezo: avogados/as exercentes e alumnos/as do Máster da Avogacía: 60 €. Avogados/as non exercentes: 80 €.

Datas, horarios e lugares de celebración: a consultar na aula virtual, <http://avogacia.gal/formacion> .

Superación do curso: para a obtención do certificado será preciso asinar a folla de firmas da xornada. Con posterioridade á mesma, remitirase un certificado asinado electronicamente no que consten as horas de asistencia.



Obxectivos do curso

O obxectivo do presente curso é o de formar aos avogados e avogadas de Galicia para que melloren a comunicación cos clientes, cos compañeiros, dentro da súa organización e no ámbito persoal:

- Os avogados aprenderán a detectar o perfil do cliente, sendo capaces de adaptarse mellor e descubrir as súas necesidades, o que facilitará a comunicación entre as partes.
- Serán capaces de ter unha comunicación máis eficaz con compañeiros cos que teñen que negociar.
- Poderán identificar os distintos perfís que hai dentro da organización, facéndose comprender mellor e empatizando, o que mellorará a comunicación interna.
- Establecerán unha nova forma de relacionarse tamén na súa esfera persoal.

Matrícula e inscricións

Dado que existe un número mínimo de alumnos para poder organizar a xornada, habilítanse os seguintes prazos:

- **Prazo de preinscrición:** ata o 10 de abril do 2017. Os interesados deberán remitir a redes@avogacia.gal o formulario descargable desde a aula virtual, <http://avogacia.gal/formacion>.
- **Entre os días 11 e 12 de abril**, contactarase cos alumnos, a través do enderezo electrónico ou telefonicamente:
 - De acadarse o número mínimo no Colexio correspondente, poderase formalizar o pagamento da matrícula na aula virtual.
 - De non acadarse o mínimo, informarase dos horarios e datas de celebración noutros Colexios aos que os alumnos poderían asistir, no caso de seguir interesados.

- **Prazo de matrícula:** do 11 ao 20 de abril do 2017. A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <http://avogacia.gal/formacion>.

Título

Coa superación do curso, o alumnado recibirá un certificado asinado electronicamente polas 4 horas de asistencia.

Formadora

Alejandra Sánchez Barge

Avogada e co-active coach por CTI (Coaches Training Institute), practitioner en PNL (programación neurolingüística), certificada como coach de equipos, formada no Modelo de Comunicación Insights Discovery. Foi a primeira certificada en Galicia no modelo Bridge® de comunicación relacional. Traballa como formadora e coach, concentrándose no 2002 en entrenar as habilidades de comunicación e oratoria, axudando desde entón a máis de 1800 persoas. Colaboradora docente na USC, UDC e o Consello da Avogacía Galega.

Colaboradora habitual da radio EsGalicia, no programa “Es la mañana en Galicia”, dedicando a súa sección ao entrenamiento en habilidades. Forma parte da xunta directiva de AECOP Galicia e de AECO, Asociación de Empresarias de A Coruña.

Metodoloxía

Este curso de iniciación ao modelo Bridge permitirá a súa aplicación a grupos e persoas na práctica profesional e no día a día. O modelo Bridge tamén proporciona a posibilidade de realizar, fora do curso, un test de identificación de estilo nunha plataforma web, para poder afondar no coñecemento do estilo de cada un.



Este taller está baseado no Modelo de Preferencias de personalidade de Carl Jung, e amplamente desenvolvido en ferramentas de análise e avaliación como Brigde, Insights, MBTI o DISC.

A formación é totalmente práctica e dinámica. Nunha sesión reducida no tempo, pero á vez intensa, vese rapidamente o estilo relacional de cada persoa. Ao descubrir esta información, cambia a perspectiva da xente, que aprende a comunicarse doutra forma máis funcional, o que mellora notablemente a comunicación co equipo e o resto de áreas da empresa. Ao tratarse dunha actividade, os participantes saen da súa área de confort e ven a súa faceta máis humana e real, o que facilita enormemente obter resultados positivos a través deste taller vivencial.

Contidos

- Os catro estilos relacionais
- Cal é o meu estilo?
- Identificar os distintos estilos
- Que é importante para cada estilo e que debemos evitar con cada un deles
- Relacións entre estilos: miopías e incomprensións
- Creando pontes: Chegar a acordos e colaborar con outros estilos

ESTATUTO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

APROBADOS POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, O DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

Artículo 5

En el ámbito territorial de su competencia, tendrá las siguientes funciones:

1. Las atribuidas al Consejo General de la Abogacía Española, por la Ley de colegios profesionales, en cuanto tengan ámbito o repercusión solamente en el territorio de la Comunidad Autónoma y cuantas otras les fueran encomendadas en virtud de disposiciones generales o especiales, siempre que no interfieran en la autonomía y en las competencias propias de cada colegio.

(...)

4. Fomentar, crear y organizar instituciones, servicios y actividades, con relación a la profesión de abogado, que tengan por objeto la formación y perfeccionamiento profesional, la promoción cultural, la asistencia social y sanitaria, la previsión, la cooperación y el mutualismo, el fomento de la ocupación y otras actuaciones convenientes. Establecer, a tales fines, los conciertos o acuerdos más oportunos con la Administración y las instituciones o entidades que corresponden.

(...)